



PLAN DIXITAL

[les da Cañiza]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do plan
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

DATOS XERAIS DO CENTRO

Tipo de centro: PÚBLICO

Denominación oficial: IES da Cañiza

Código do centro: 36015101

Enderezo: Álvaro Cunqueiro s/n (Oroso)

Provincia: Pontevedra

Código Postal: 36880

Teléfono: 886.110.001

Fax: 886.110.034

N.I.F: Q8655001I

Dirección de correo electrónico: ies.caniza@edu.xunta.es

Páxina Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesdacaniza/>

Aula Virtual: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesdacaniza/aulavirtual/>

DATOS XERAIS DO PROFESORADO

Corpo	Definitivos	Provisional	Itinerante	Total
PTFP	5	4	0	9
PES	11	6	1	18
Catedráticos	0	0	0	0
Outros	0	0	1	1
				28

DATOS DE ALUMNADO

GRUPOS	Nº ALUMNOS/AS	Nº GRUPOS
1º Bacharelato Ciencias	19	1
1º Bacharelato Hum. e CC.SS.	18	1
2º Bacharelato Ciencias	10	1
2º Bacharelato Hum. e CC.SS.	11	1
1º FP Básica Mantemento de Vehículos	15	1
2º FP Básica Mantemento de Vehículos	7	1
1º FP Básica Informática de Oficina	10	1
2º FP Básica Informática de Oficina	4	1
1º CM Xestión Administrativa	11	1
2º CM Xestión Administrativa	2	1
Xestión Administrativa – FCT	0	0
1º CM Electromecánica Vehículos	14	1
2º CM Electromecánica Vehículos	9	1
Electromecánica Vehículos – FCT	3	1
TOTAL	133	13

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- CARACTERÍSTICAS SOCIOECONÓMICAS E CULTURAS DO CONTEXTO DO CENTRO

O centro está localizado no concello da Cañiza, ao sur da provincia de Pontevedra, e forma xunto cos concellos de Arbo, Crecente e Covelo a Comarca de Paradanta.

Esta é unha zona con baixos ingresos per cápita, sendo A Cañiza o concello coa renda máis baixa da provincia e cunha actividade económica principal baseada no sector primario.

Demograficamente é un concello que se ben leva varios anos sen variación no número de habitantes, dende 1998 o censo diminuíu case un terzo, cunha poboación máis avellentada. Isto reflíctese no descenso de alumnado matriculado no centro.

O nivel de estudos é baixo, onde unha parte importante da poboación non ten estudos básicos (sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB).

A baixa densidade de poboación nun contorno rural sen boas vías de comunicación fai que toda a área de influencia (o municipio) estea moi espallada e mal comunicada, sendo o transporte escolar fundamental para a escolarización do alumnado.

Outro factor importante a ter en conta é que as ensinanzas impartidas no centro son postobrigatorias, cun alumnado maior de 16 anos e que a súa permanencia no centro redúcese a dous cursos académicos na maioría dos casos.

Todas estas características dificultan a relación das familias co centro, cunha baixa participación na organización e funcionamento deste.

- **CONTRIBUCIÓN DO PLAN DIXITAL AO PROXECTO EDUCATIVO**

O Plan Dixital do centro forma parte dos programas e proxectos que se inclúen no documento de concreción curricular do PEC, que debe dar resposta á pregunta Que queremos conseguir?

Ao igual que os outros plans debe incluír os obxectivos que hai que conseguir, as actuacións específicas para implementalo, a súa avaliación e difusión, tendo todos en común un punto de partida que é a realidade do noso centro, a súa situación socioeconómica e cultural na que se inclúe tamén o uso das tecnoloxías dixitais.

O PEC entendido como unha planificación estratéxica feita cunha intención de permanencia, debe concretarse, para cada curso escolar, a través da elaboración da Programación Xeral Anual. Desta maneira o Plan Dixital deberá ser incluído nesta programación e será obxecto de revisión para acadar os obxectivos curriculares para o curso escolar.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan dixital de centro concíbese como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes. Esta transformación está baseada na lexislación vixente que se detalla a continuación.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que

orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021- 2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

En liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante, a consellería) persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensino- aprendizaxe, de xestión e de relación o que require de un proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se deberá recoller nun Plan Dixital do Centro como organización.

O Regulamento polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Consello Europeo do 11 de febreiro de 2021 establece como un dos seus principais eixes a transformación dixital na procura da excelencia, a universalidade e a equidade na educación; que elimina as brechas sociais e territoriais, que incentiva a formación continua e cre no talento, promocionando o emprendemento e a innovación, o reforzo das súas capacidades de investigación e a atracción e fomento da excelencia.

No Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que impulsa a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, faise unha clara aposta por espazos ao servizo dos proxectos educativos, sobre todo vinculados á transformación dixital e que sexan xeradores de igualdade e de inclusión. Así como, na Estratexia Galicia Dixital 2030 e na Estratexia Educación Dixital 2030 de Galicia, cara á consecución dunha cidadanía dixital plena.

1.4. Proceso de elaboración

O proceso de deseño e elaboración realizaouse no curso 2021-2022, para ser implantado no curso 2022-2023 mediante o seguinte procedemento:

- Realización da análise da situación actual do centro respecto a infraestruturas, dotación, comunicación, materiais e metodoloxías docentes a través de ferramentas de rexistro SELFIE aos distintos corpos do profesorado e aos distintos grupos de estudantes de Bacharelato e FP.
- Posterior realización do Test De Competencia Dixital (CDD) ao conxunto do profesorado que permitiu obter datos agrupados respecto as competencias dixitais docentes actuais englobadas no marco europeo DigCompEdu.
- Elaboración dun informe DAFO onde se recollen as Fortalezas, Debilidades, Ameazas e Oportunidades do centro. Os elementos recollidos dentro destes catro bloques establecéronse ademais en factores internos e externos.
- Elaboración do Plan Dixital, despois da análise da situación do centro e tras o estudo realizado. Este plan establécese coma unha posibilidade de realizar unha continua mellora de aspectos importantes relacionados coa infraestrutura, dotación e formación dixital no IES. Con esa intención, para o próximo curso académico estableceranse neste documento unha serie de obxectivos, propostas, indicadores e avaliación que nos permitirán ao remate do seguinte curso académico acadar destrezas que teñan un impacto útil na formación e nas competencias adquiridas polo conxunto do profesorado e alumnado.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O IES da Cañiza conta nestes momentos coa seguinte dotación e infraestrutura informática para o desenvolvemento da actividade docente e administrativa:

- **Conectividade:**

O centro dispón de telefonía IP con terminais MITEL xestionados directamente pola Consellería de Educación. O seu cadro de distribución atópase nun armario Rack situado no antigo despacho de Vicedirección anexo á Biblioteca. Existen na instalación 30 extensións dixitais nos edificios de aulas e 4 extensións analóxicas situadas nos edificios de talleres.

A rede LAN está distribuída por plantas, mantendo o cadro de distribución principal no espazo da Secretaría. Neste momento estase a levar a cabo a migración de toda a electrónica de rede a Gigabit Ethernet.

O centro dispón ademais dunha rede WIFI con APs Cisco Systems distribuídos en todas as aulas de docencia e espazos comúns, incluíndo biblioteca, salón de actos, talleres e ximnasio. Estes

APs ao igual que a rede de telefonía teñen o seu cadro de distribución no antigo despacho de Vicedirección anexo á Biblioteca.

A conexión de saída a internet realízase a través dunha conexión de fibra óptica contratada e xestionada pola Consellería coa empresa Orange de comunicacións.

Tanto a rede cableada como a rede WIFI están configuradas a nivel de protocolo IP con dúas clases A privadas proporcionadas pola Consellería, pero administradas localmente a nivel interno.

- **Equipamento:**

-Aulas de Informática:

Actualmente existen 5 aulas de informática distribuídas na segunda planta do edificio principal. Estas aulas (INFO1 a INFO5) contan con equipos de dotación (40) e equipos propios do centro (25). Adícanse na súa totalidade a impartir materias relacionadas cos ciclos de FPB de Informática de Oficina e o Ciclo Medio de Xestión Administrativa, a excepción da aula INFO1, que conta con 18 equipos para usos múltiples das outras materias baixo unha xestión de reservas.

-Aulas dixitalizadas:

Todas as aulas contan cun equipo de sobremesa e un proxector. Na actualidade máis da metade destes proxectores son modelos con máis de 8 anos de antigüidade e obsoletos. Neste momento estase a valorar a posibilidade de substituír os mesmos por outro tipo de material que ofrezca máis posibilidades para os docentes e maior impacto para o alumnado e ao mesmo tempo adaptarse ás metodoloxías dixitais.

-Sala de profesorado:

O centro dispón dunha sala de ordenadores de uso exclusivo do profesorado para a realización de tarefas relacionadas coa docencia. Esta sala conta con 4 equipos HP ProDesk600 de dotación.

-Equipos administrativos:

Na secretaría do centro existen 4 equipos PC e unha unidade NAS Synology onde se almacenan con un sistema RAID os datos en carpetas compartidas con acceso restrinxido.

Na conserxería existe un ordenador PC e 2 fotocopiadoras KONICA MINOLTA C363. Estes dous equipos multifunción están configuradas para imprimir en negro e a cor dende os equipos de docencia e biblioteca. Ademais están configurados para o escaneo a través de SMB e FTP de documentos en rede a distintas ubicacións de rede localizadas en secretaría, dirección, xefatura de estudos, sala de profesorado e biblioteca.

-Equipos de Biblioteca:

Na Biblioteca existe unha dotación total de 5 equipos HP Prodesk proporcionados pola Consellería. 4 destes equipos son de uso exclusivo por parte do alumnado. O outro é o que se

utiliza para os labores de biblioteca e contén a aplicación Meiga co catálogo e a base de datos dos fondos bibliográficos

-Equipos portátiles:Portátiles:

No centro existen 6 ordenadores portátiles HP adquiridos polo centro ao inicio do curso 2020-21 por mor de cubrir as necesidades de equipamento para a teledocencia para os alumnos en situación de exclusión durante o COVID19.

Complementariamente ao final dese mesmo curso a Consellería enviou unha dotación adicional de 10 equipos Acer que actualmente están a disposición do alumnado en caso de necesidades temporais.

-Radio Escolar:

No presente curso académico e grazas á estratexia de mellora da Biblioteca adquiriuse o equipamento necesario para montar unha radio escolar no IES. A previsión é que ao comezo do próximo curso académico profesorado e alumnado poidan utilizar este recurso para a creación de contidos e traballar na mellora das competencias.

- **Servizos dixitais educativos:**

-Páxina Web:

A páxina web do centro está localizada no servidor corporativo da Consellería de Educación e está accesible no enderezo <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdacaniza/> Esta canle permite a difusión de eventos organizados no centro, así como a publicación de convocatorias e datas de exames, enlaces de interese, etc.

-Aula Virtual:

A aula virtual do centro está localizada no servidor corporativo da Consellería de Educación e está accesible no enderezo <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesdacaniza/aulavirtual/> Esta plataforma é utilizada pola maioría dos docentes para subir contidos, actividades, comunicarse e avaliar aos alumnos, etc.

-AbalarMobil:

Esta aplicación é a utilizada para a comunicación coas familias e alumnado no caso que este sexa maior de idade. Notifícanse as faltas de asistencia, xestiónanse as titorías e comunícanse as notas.

-Redes Sociais:

Dende o curso 2020-21 o centro dispón dunha conta de Twitter (<https://twitter.com/iesacaniza>) e outra de Instagram (<https://www.instagram.com/iesdacaniza/>) para fomentar a comunicación e difusión de novas e actividades desenvolvidas no IES.

- **Xestión do mantemento do equipamento do centro:**

O mantemento do equipamento microinformático realízase integramente por parte do profesorado do departamento de informática do IES da Cañiza xunto co do departamento de tecnoloxía. Este mantemento realízase en horas de garda específicas, recreos e horas libres adicionais debido a insuficiencia da asignación oficial nos horarios.

A rede LAN está configurada e xestionada tamén a nivel interno, así como os servizos de impresión e escaneo.

A Consellería encárgase do mantemento dos racks de telefonía, WIFI e Aps, así como dos dous switches principais de cabeceira da rede.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a realización do esquema DAFO elaborado para este Plan Dixital do IES da Cañiza, observáronse os resultados obtidos na enquisa SELFIE de Competencias Dixitais Docentes efectuado con anterioridade aos colectivos de profesorado e alumnado de Bacharelato e FP. A continuación na seguinte táboa preséntanse os resultados globais por áreas e grupos (téñase en conta que as puntuacións varían entre 1 de mínimo e 5 de máximo):

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Bacharelato	FP
A -Liderazgo	Equipo Direct.	2,3	2,5
	Profesorado	3,1	2,8
	Alumnado	NP	NP
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	1,6	2,4
	Profesorado	2,4	2,5
	Alumnado	2,1	3,2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,7	3
	Profesorado	3,2	3,2
	Alumnado	3,3	3,5
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2,9	3,1
	Profesorado	2,8	3
	Alumnado	NP	NP
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,1	3,2
	Profesorado	4,3	4,3
	Alumnado	4,4	4,4
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,1	2,7
	Profesorado	3,4	3,4
	Alumnado	3,3	3,6
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1,8	2,4
	Profesorado	3,3	3,3
	Alumnado	2,4	3,1
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,8	3,2
	Profesorado	3,1	3,2
	Alumnado	3,2	3,4

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	17	18	94,4%
PROVISIONAL	3	4	75%
INTERINO	4	4	100%
SUBSTITUTO	1	2	50%
DESPRAZADO	-	-	-

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
76,7	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
BAC	67,7	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
F.P	79,8	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	4%
A2	9	36%
B1	11	44%
B2	3	12%
C1	0	0%
C2	1	4%
TOTAL	25	100,00%

2.3. Análise DAFO

A partir do informe Selfie, do test CDD e no cotexo da información co profesorado dos distintos departamentos, o centro xenerou unha análise DAFO que é de utilidade para a análise de situación e para partir a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital. Isto queda reflectido na seguintes táboas:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURA -EQUIPAMENTO		Falta de recursos dixitais e infraestruturas para empregar os recursos nas aulas (pantallas táctiles, proxectores, tablets...)	Mellora de conexións e rede wifi para o alumnado, así como unha conta xenérica do centro para emprego de recursos compartidos.	
	PERSOAL DOCENTE	Colaboración do profesorado ante novas propostas	Recursos e formación	Realización de unha aprendizaxe colaborativa. Creación de contidos dixitais. Mellora de metodoloxías de ensinanza e estratexias de avaliación.	Falta de tempo. Formación dixital obsoleta. Desmotivación antes múltiples cambios lexislativos e moitos plans educativos nun centro con profesorado con moita carga lectiva.
	PERSOAL NON DOCENTE		Formación e persoal con eventualidade.		Pouca formación dixital.
	ALUMNADO	Motivación e colaboración.	Poucos medios	Realización de unha aprendizaxe colaborativa. Creación de contidos dixitais.	
	FAMILIAS		Falta de recursos e infraestruturas.	Mellora da comunicación	
	OFERTA		Oferta formativa dixital		Infrautilización de recursos.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Detección de necesidades e propostas de resolución así como o apoio do equipo directivo.			

EXTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		O baixo número de alumnado no rural inflúe na hora de concesión de recursos (humanos, dixitais....)		
	LEXISLACIÓN				Reiterados cambios lexislativos que producen falta de tempo para implicación da comunidade educativa.
	CONTORNA				Contorna rural con pouca infraestruturas e falta de recursos.
	ANPA				
	OUTRAS ENTIDADES		Falta de colaboración	Mellora das comunicacións.	

3. Plan de Acción

Os obxectivos do Plan Dixital son para acadar unha mellora do centro e como consecuencia da comunidade educativa dende o punto de vista dixital. Para iso, o Plan de Acción ten en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración deste Plan Dixital así como as posibilidades e necesidades a curto prazo do centro, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en continua evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos marcáronse dende dúas áreas prioritarias: Por un lado na creación de contidos dixitais a partir da Radio Escolar e por outra de infraestrutura dixital, así como a formación do profesorado nestes dous ámbitos.

Cada obxectivo vai cumprimentado nunha táboa que recolle ata onde se quere chegar e con que elementos (onde esta información a reportaran os indicadores e os seus valores de partida e de chegada), as accións para conseguir cada obxectivo, os responsables destas, a temporización e os recursos necesarios.

Así mesmo, a política do centro é fomentar e promover o uso do software de libre distribución como ferramenta de aprendizaxe no currículo do alumnado e de uso do profesorado sempre que sexa posible. Excepcionalmente, o software propietario deberá contar coa licenza de uso correspondente e estar xustificado o seu uso en relación cos currículos.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades de mellora de equipamento e infraestrutura dixital son:

- Equipamento de pantallas interactivas para as aulas, xa que os proxectores obsoletos e a falta de pantallas impiden un bo desenvolvemento do traballo do profesorado.
- Conexión sen fíos para toda a comunidade educativa, cunha conta xenérica para os usos comúns.
- Equipos portátiles convertibles para ser empregados en diferentes espazos (biblioteca, aulas...) para consulta, traballo na aula...

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: Elaboración de contidos dixitais por parte do profesorado e alumnado						
OBXECTIVO 1: (1)	Creación de contidos dixitais a través da Radio escolar				Acadado	
Responsable:	Equipo do Plan Dixital de Centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Polo menos o 50% dos departamentos do centro crearon contidos utilizando este recurso					
Valor de partida: (3)	Non procede, posto que é de nova implantación					
Valor previsto e data: (4)	Con data 30/06/2023 os contidos estarán creados e accesibles por e para a comunidade					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Realización das actividades de formación específicas dentro do PFPP do centro	Coordinadores/as do PFPP e da Biblioteca do centro	31/05/2023	<ol style="list-style-type: none"> Recursos humanos (formación) Recursos Materiais 	Realizáronse as actividades propostas	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Elaboración dos contidos dixitais asociados por parte dos departamentos	Coordinadores/as do PFPP e da Biblioteca do centro	30/06/2023	<ol style="list-style-type: none"> Medios materiais Persoal docente dos departamentos 	Elaboráronse os contidos previstos	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Difusión e visibilización dos contidos a través de distintas canles	Coordinadores/as do PFPP e da Biblioteca do centro	30/06/2023	<ol style="list-style-type: none"> Web corporativa Redes Sociais Blog da Biblioteca 	Publicáronse e difundíronse os contidos	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestrutura dixital para a formación						
OBXECTIVO 2: (1)	Adquisición e formación do persoal docente no uso de paneis dixitais interactivos				Acadado	
Responsable:	Equipo do Plan Dixital de Centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Polo menos o 50% do claustro participou nas actividades de formación organizadas					
Valor de partida: (3)	Non procede, posto que é de nova implantación					
Valor previsto e data: (4)	Con data 30/06/2023 os participantes recibiron a formación e os medios están dispoñibles					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Adquisición dos paneis dixitais interactivos necesarios (14)	Equipo directivo	31/01/2023	1. Recursos económicos 2. Recursos materiais	Adquiriuse a dotación de material prevista	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formación dos docentes no uso dos paneis dixitais	Coordinadores/as do PFPP e da Biblioteca do centro	31/05/2023	1. Medios materiais 2. Formación para o persoal docente dos departamentos	Recibiuse a formación prevista	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, levarase a cabo dende dous contextos:

- No contexto da **avaliación procesual** revisarase unha vez por trimestre, onde se incluírá a análise de estado de execución das accións e así como a valoración dos seus resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** realizarase unha vez ao ano. Nel se reflectirán a valoración dos logros dos obxectivos e propostas de mellora.

5. Difusión do plan

A difusión do plan dixital levarase a cabo tras ser oído claustro e aprobado no Consello Escolar. Será publicado na páxina web do centro, difundido ao persoal do centro mediante correo electrónico e comunicado ás familias por Abalar.